



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Xurxo Sierra Veloso

[Ramón Nicolás 24 de Setembro de 2014](#)

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/09/24/cuestionario-proust-xurxo-sierra/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

-A dúbida, creo.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-O sentido do humor.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Que me chamen de cando en vez e que saiban disimular se me poño impertinente. Aproveito a ocasión para agradecer o queixo con marmelo que me pon a miña comadre Maruxa nas ceas de Nadal.

4.– A súa principal eiva?

-A dispersión, a preguiza, a inconstancia.

5.– A súa ocupación favorita?

-Unha longa conversa con amigos.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Non estarían mal a paz do mundo e a liberdade dos pobos, pero a verdade é que nos anos noventa tiven minutos moi felices na bancada de Marcador, festexando certos goles de Vlado Gudelj.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-A desgraza dos seres queridos.

8.– Que lle gustaría ser?

-Cantante de orquestra; encantaríame ir polas verbenas e dedicar un pasodobre á comisión de festas.

9.– En que país desexaría vivir?

-Nun país que me permitise pasear por Vigo, Silvaoscura, Zamora e Salamanca.

10.– A súa cor favorita?

-As cores do outono en Sanabria.

11.– A flor que máis lle gusta?

-En Vigo, as camelias da avenida das Camelias no inverno. En Zamora, as mapoulas que medran en maio ao redor dos centros comerciais.

12.– O paxaro que prefire?

-As andoriñas que fan o seu niño por riba do lugar no que aparco o coche. Coitadas, non merecen os insultos que lles dedico.

13.– A súa devoción na prosa?

-Depende do día. Digamos Carlos Casares, Philip Roth, Gonzalo Navaza, Natalia Ginzburg, Miguel Anxo Murado, Ignacio Martínez de Pisón...

14.– E na poesía?

-Véñenme varios nomes á cabeza, pero só vou dicir dous: Claudio Rodríguez e Ramiro Fonte.

15.– Un libro?

-*A illa do tesouro*, de Stevenson, absolutamente fundamental na miña vida.

16.– Un heroe de ficción?

-Asuranceturix, bardo da aldea gala.

17.– Unha heroína?

-Lisa Simpson.

18.– A súa música favorita?

-Os éxitos de Sabina que canto mentres conduzo.

19.– Na pintura?

-Gústame moito Francisco Ibáñez, pero tamén lle vexo mérito a Van Gogh.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Na miña familia hai uns cantos. Teñen moitos defectos, o que os fai aínda máis heroicos.

21.– O seu nome favorito?

-Os nomes dos bonecos. Hai anos coñecín un Archibaldo moi simpático, creo que era un orangután ou algo así.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A solemnidade.

23.– O que máis odia?

-Esa xente que manifesta con voz potente a súa opinión sen que ninguén lla pida, cousa moi frecuente en bares, ambulatorios e salóns de peiteado.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Queipo de Llano é un tipo que me dá moito noxo.

25.– Un feito militar que admire?

-Os choutiños que dan os soldados cando perden o paso nun desfile.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Cantar ben, unha cousa a medio camiño entre Sinatra e Pucho Boedo.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

-Con tranquilidade, saudando tranquilamente os parentes mortos que saian a recibirme á porta do túnel.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-A indecisión.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Antes, os alleos. Ultimamente, os propios.

30.– Un lema na súa vida?

-Onde irás, boi, que non ares?